CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor.		
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido.		
CA2.9 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.	Coñecer a estrutura da lingua e os seus usos e , coa terminoloxía axeitada, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra .		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios establecendo vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas mellorando as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.5 - Formular xeneralización sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñecer a estrutura da lingua e os seus usos e transformar enunciados, comparalos , usando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Aproximación ás secuencias textuais básicas, con especial atención ás narrativas, descritivas, dialogadas e expositivas. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc. - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Promoción dun modelo lingüístico afastado da castelanización e da deturpación para conseguir un modelo de lingua de calidade. - Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura. - Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible. - Participación activa en actos culturais vinculados co circuío literario e lector - Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora. - Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación. - Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais. - Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais. - Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. - Lectura con perspectiva de xénero. - Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados. - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas. - Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e

Contidos

- sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

UD	Título da UD	Duración
9	UNIDADE 9	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.5 - Planificar e redactar textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro adecuado.	Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido.	PE	51
CA2.8 - Revisar os propios textos de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e retocar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada e mellorar as destrezas tanto de produción oral coma escrita .		
CA3.1 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido.		
CA3.3 - Elixir e ler textos a partir de preseleccións guiándose polos propios gustos, intereses e necesidades e deixando constancia do propio itinerario lector e da experiencia da lectura.	Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas e compartir experiencias de lectura.		
CA3.4 - Explicar e argumentar, coa axuda de pautas e modelos, a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra, atendendo á configuración dos xéneros e subxéneros literarios.	Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios e analizar as relacións internas dos seus elementos constitutivos, xéneros e subxéneros.		
CA3.6 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear obras ou fragmentos literarios con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e con axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Valorar a forma e o contido de textos escritos, orais e multimodais sinxelos, avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender e interpretar textos orais e escritos e multimodais valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido.	TI	49
CA2.4 - Comprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor en textos escritos e multimodais sinxelos de diferentes ámbitos que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias.	Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor.		
CA2.10 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra .		
CA3.2 - Valorar a forma e o contido de textos sinxelos avaliando a súa calidade, fiabilidade e idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.		
CA3.5 - Establecer de maneira guiada vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios establecendo vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.	Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.		
CA4.3 - Revisar os textos propios de maneira guiada e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e cunha metalinguaxe específica e identificar e solucionar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas mellorando as destrezas tanto de produción oral e escrita coma de recepción crítica.		
CA4.5 - Formular xeneralizacións sobre aspectos básicos do funcionamento da lingua a partir da observación, comparación e transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos utilizando unha metalinguaxe específica e consultando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.	Coñecer a estrutura da lingua e os seus usos e transformar enunciados, comparalos , usando de maneira guiada dicionarios, manuais e gramáticas.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Contexto vinculado ás estratexias de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos.
- Compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado, distancia social entre os interlocutores, propósitos comunicativos e interpretación de intencións, canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Os abusos de poder e a manipulación a través da linguaxe.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, resumos etc.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de maneira progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas de maneira orientada a partir da exploración guiada da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector
- Toma de conciencia progresiva dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora, con apoio de exemplos e utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal e lectora como forma de establecer vínculos entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais.
- Lectura guiada. Lectura de obras relevantes da literatura xuvenil contemporánea galega e do patrimonio literario lusófono, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes.
- Expresión pautada a través de procesos e soportes diversificados, da interpretación e da valoración persoal de obras e fragmentos literarios.
- Lectura con perspectiva de xénero.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación de textos sinxelos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralidade implicados.
- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Aproximación á lingua como sistema e ás súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión entre os significados).

4.1. Concrecións metodolóxicas

1. Teranse en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe.
2. Favorezase a capacidade de aprender por si mesmos promovendo a aprendizaxe en equipo realizando sempre actividades que teñan un compoñente de autenticidade e que fomenten a súa participación activa.
3. Procurarase que as actividades sexan heteroxéneas para que resulten atractivas ao conxunto do alumnado, tendo en conta a súa diversidade.
4. Utilizarase a lingua galega como lingua vehicular nas sesións lectivas e fomentarse este uso por parte do alumnado fóra da aula, facendo que os erros non supoñan impedimento para intentar o seu emprego.
5. Fomentaranse novas formas de socialización e de organización da aula: facendo grupos, parellas, simulacións de situación reais (no aeroporto, no supermercado...)
4. Fomentarse o plurilingüismo e a multiculturalidade, pois o desenvolvemento das capacidades que se exercitan ao relacionarse con outras linguas e culturas repercute no desenvolvemento da competencia na lingua de estudo.
5. Terase en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén.
6. Poranse en práctica os mecanismos de reforzo tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe. Estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da materia para o alumnado con necesidades educativas especiais.
7. Levaranse a cabo diferentes actividades de tipo creativo: obradoiros, traballos por proxectos...
8. Fomentarse o hábito de ler e o pracer como lector. O coñecemento, dominio e adquisición da lingua atopa na lectura un dos seus mellores instrumentos. Así, é necesario animar e predispoñer o alumnado cara á lectura, seleccionando os títulos que mellor se axusten aos seus gustos e intereses. Consecuentemente, non se restrinxe a lectura a un único título ou un único xénero, xa que se ofrece unha listaxe aberta que inclúe obras de todos os xéneros literarios.
9. Fomentarse a competencia dixital priorizando o uso de recursos dixitais e a xestión, participación e interacción do alumnado a través dos medios dixitais. Como punto de partida, ao comezo do curso realizarase unha "alfabetización dixital" do alumnado .

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación

Materiais e recursos didácticos :

1. O alumnado terá á súa disposición as unidades que se traballarán durante o curso na aula virtual do centro.
2. O alumnado que precise reforzo disporá de materiais complementarios entregados pola profesora que poderán ser dixitais ou estar en formato físico.
3. A biblioteca do centro dótase dos libros de lectura e de consulta que se recomentan na aula. As listaxes son actualizadas todos os cursos para que o alumnado poida dispoñer do material sen buscalo fóra do centro educativo.
4. Os/as alumnos/as teñen cadanseu ordenador na aula, desde o cal poden acceder á información (enciclopedias virtuais, dicionarios...), ferramentas (tradutores, editores...) da rede etc.
5. O centro dispón de diversos materiais audiovisuais que o alumnado e o departamento pode utilizar para elaborar ou consultar material multimedia: cámaras fotográficas, tabletas, vídeo, Croma...

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Farase unha avaliación coa finalidade de adecuar as ensinanzas ao alumnado e facilitar a progresión adecuada no seu proceso de aprendizaxe, incidindo na obtención de información sobre o grao de desenvolvemento das competencias clave.

Esta avaliación terá en conta a análise dos informes persoais da etapa ou curso anterior e completaráse coa información obtida das familias, será o punto de referencia para a toma de decisións na programación de aula, así como para a adopción das medidas ordinarias ou extraordinarias que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno.

Realizarase unha proba inicial para determinar o nivel de adquisición de coñecementos curriculares e competencias e teranse en conta os informes individualizados do curso anterior.

Ademais, obterase información adicional a partir do traballo realizado na aula.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	12	11	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	75	55	65	52	50	49	62	43	51	56
Táboa de indicadores	25	45	35	48	50	51	38	57	49	44

Criterios de cualificación:

1. Cálculo da nota da 1ª, 2ª e 3ª avaliación

Os elementos de avaliación que se utilizarán para valorar o grao de consecución dos obxectivos así como as competencias clave serán os seguintes:

a) Exames :

Realizaranse exames escritos sobre a materia traballada en cada avaliación. Estes serán puntuados de 0 a 10 e neles avaliarase tanto a forma (expresión, claridade, limpeza, ortografía, tiles, puntuación e corrección léxica e sintáctica, coherencia, cohesión, emprego de conectores, estrutura...) como o contido (teoría e práctica da lingua, da literatura e da sociolingüística traballadas no trimestre).

Os erros no apartado da forma (desorde, suciedade, faltas de ortografía, léxico incorrecto, mala puntuación, corrección léxica e sintáctica, coherencia, cohesión, emprego de conectores, estrutura...) penalizaranse cunha redución máxima de 2 puntos por exame. Cada erro na acentuación restará 0´05 puntos, mentres que o resto dos erros ortográficos, de puntuación e relativos ás propiedades textuais, restarán 0´1 puntos. A nota final do exame será a obtida no apartado do contido menos a nota de penalización por erros, de os haber.

A media entre os exames suporá o 70% da nota final de cada trimestre .

A conduta fraudulenta na realización dun exame (substitución do exame por outro xa elaborado, copiar dos e das compañeiras, consulta de libros ou apuntamentos, utilización de aparellos electrónicos...) penalizarase segundo o indicado no NOF.

A data para a realización dos exames escritos non se modificará salvo circunstancias especiais.

b) Traballo dentro e fóra da aula:

O alumnado realizará os exercicios de reforzo ou calquera outro traballo que sexa indicado pola profesora.

Este apartado suporá o 20 % da nota da avaliación e será o resultado da media entre:

- Cada unha das redaccións, comentarios, exposicións orais ou actividades de tipo lingüístico ou literario .

- Tarefas ou deberes diarios encargados para a casa.

c) Libros de lectura:

O alumnado realizará unha proba escrita ou oral sobre o

libro de lectura correspondente a cada avaliación. Lerase un libro en cada trimestre (por norma xeral poderase escoller entre os dunha listaxe aberta).

Avaliarase a comprensión lectora e a expresión escrita e suporá o 10% da nota.

Poderá solicitárselle ao alumnado un pequeno traballo de comprensión e investigación ao tempo que vai lendo o libro, que será entregado no prazo establecido e valorarase xunto co control de lectura.

O/a alumno/a que queira, poderá escoller outras obras literarias ademais da obrigatoria, das que será examinado/a e que sumarán ata 0´5 puntos na nota media do trimestre.

d) Actitude:

Unha actitude lingüística positiva cara á aprendizaxe é un dos elementos fundamentais na adquisición de coñecementos lingüísticos. Valorarase:

- . O emprego do galego na aula.
- . Traer á clase o libro de texto, o caderno/carpeta, o dicionario ou calquera outro material necesario. Este material debe estar ao día con limpeza e orde.
- . A actitude do alumno ou alumna tanto en relación coa aula, compañeiros e profesor/a, como cara á materia de Lingua galega e literatura, será valorada na cualificación global.

Non empregar o galego, non traer ás clases o material correspondente (libro, caderno, bolígrafo, fotocopias, etc) e non manter a actitude adecuada serán cualificados negativamente en cada un dos outros apartados.

e) Nota final de cada avaliación:

Será a nota media resultante do exposto nos apartados anteriores: Exames (70 %) (media aritmética entre os exames de cada trimestre)+ Traballo dentro e fóra da aula (20 %) + lectura (10%) + lecturas voluntarias (de habelas) = nota final.

2.Cualificación final

A cualificación final corresponderase coa media dos resultados obtidos en cada avaliación. Para conseguir a promoción, a media das avaliacións deberá ser de 5 entre todas elas, tendo en conta que para calculala a cualificación de cada unha das avaliacións debe superar ou igualar o 5.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non acade o mínimo de 5 de media na cualificación final poderá mellorar a súa nota realizando tarefas de recuperación e repaso. Ademais, realizarán un exame final no que serán avaliados da materia suspensa. A cualificación desta proba suporá o 70% da nota final á que se sumará a nota media dos traballos e tarefas recollidos ao longo do curso (20%) e a nota media dos exames de lectura (10%) .

O alumnado poderá entregar aqueles traballos ou tarefas non realizados ou facer os exames dos libros non lidos para mellorar as súas cualificacións.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

En 1º ESO terase en conta se o/a alumno/a trae a materia suspensa da primaria por se é preciso aplicarlle os reforzos correspondentes, xa que non tería a materia pendente.

A partir dos informes individualizados elaborados á finalización do curso anterior e da avaliación inicial, reforzaranse os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso pasado.

O departamento terá en conta :

1. Obxectivos

-Reforzar os elementos curriculares esenciais e as competencias e aprendizaxes imprescindibles do curso anterior co fin de garantir a continuidade do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

-Axustar o currículo segundo as necesidades individuais do alumnado derivadas dos resultados da avaliación inicial, e estenderase, polo menos, durante o primeiro trimestre do curso.

-Establecer as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado.

-Recuperar as aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior.

2. Destinatarios

Este plan de reforzo e de recuperación dirixirase fundamentalmente a :

-Alumnado que, promocionando de curso, non superou a materia o curso anterior e presenta un grao de desenvolvemento de competencias básicas non acorde co seu nivel .

-Alumnado que, promocionando de curso e con todas as materias aprobadas, presenta dificultades na materia.

-Alumnado en que se detecte, en calquera momento do curso, dificultades na materia ,(por desmotivación , ausencia de estratexias de aprendizaxe adecuadas, por desvantaxe social etc.)

-Alumnado que, sen estar diagnosticado de necesidades educativas especiais, presente un atraso madurativo significativo.

3. Profesorado

-Avaliarase o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado.

-Elaborarase o material adaptado ás novas necesidades educativas: actividades de ampliación e reforzo, de comprensión lectora, de expresión escrita, que requiran o uso das TIC...

-Promoveranse actividades que desenvolvan o pensamento crítico e creativo e os traballos por proxectos.

-Estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado: a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, a aprendizaxe cooperativa, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo etc.

-Atenderase ao desenvolvemento intelectual, afectivo e social do alumnado.

-Informarase as familias , implicándoas no proceso de aprendizaxe do alumno ou alumna.

-Coordinarase co profesor ou profesora de reforzo e co/coa titor/a ; en colaboración co equipo de orientación e co equipo directivo.

4. Metodoloxía

-Adecuación do currículo ordinario co fin de que o alumnado alcance aprendizaxes imprescindibles para a adquisición das competencias clave.

-Adecuación de obxectivos.

-Organización de contidos integrándoos nas diferentes unidades didácticas.

-Aprendizaxe cooperativa e individual.

-Fomento da participación do alumnado.

-Combinación de diferentes tipos de actividades: traballo individual, exposición, procura de información, traballo en grupo?

-Desenvolvemento de estratexias que favorezan a autonomía na aprendizaxe.

-Elaboración de materiais, por parte do/a alumno/a .

-Selección e utilización de materiais curriculares diversos.

-Variación dos tempos, as formas e os instrumentos de recollida da información.

-Reforzo de valores e capacidades de tipo afectivo.

-Reflexión sobre los procesos de ensinanza por parte do profesorado: adecuación, reaxuste.

5. Avaliación

Avaliaranse tanto as aprendizaxes do alumnado coma a práctica docente en relación co logro dos obxectivos educativos do currículo.

Para realizar a avaliación dos procesos de ensinanza teranse en conta os datos do proceso de avaliación global do alumnado na materia.

6. Indicadores de logro

- Avaliación inicial.
- Resultado da avaliación na área.
- Resultados da avaliación ordinaria .
- Participación do alumnado na clase.
- Calidade dos traballos .
- Integración na clase.
- Calidade da autoestima e a confianza do alumnado.

7.Materiais

Os mesmos que se fan constar no apartado correspondente da programación.

6. Medidas de atención á diversidade

Aplicaranse estas medidas a aqueles alumnos e alumnas que:

- Presenten dificultades específicas de aprendizaxe.
- Teñan trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH).
- Teñan altas capacidades intelectuais.
- Se viran obrigados/as a incorporarse tardiamente ao noso sistema educativo.
- Posúan condicións persoais ou de historia escolar que así o recomenden.

Despois da avaliación inicial do grupo, estableceranse as medidas de atención á diversidade e inclusión tendo en conta:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- Nos traballos cooperativos, analizar o distinto nivel de competencia do alumnado,asegurando unha participación óptima de todos/as os rapaces/as nas actividades realizadas.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter logros do grupo.

Os principios básicos para o tratamento co alumnado con NEAE parten da inclusión na aula, da non discriminación e da igualdade efectiva. Para favorecer o cumprimento destes principios, tomaranse as seguintes medidas:

- As actividades responderán a tipoloxías e agrupamentos variados e estarán gradadas segundo o nivel de dificultade.
- O profesorado de Lingua e Literatura colaborará co profesor de apoio e de reforzo, nos casos en que o alumnado recibe estas medidas, para realizar un traballo conxunto nos aspectos clave e nos mínimos esixibles que debe acadar cada alumno/a con NEAE.
- O profesorado elaborará recursos adaptados a cada un dos casos particulares.
- Farase un seguimento de cada un deles.
- Adaptaranse os tempos de execución .
- Adaptaranse os procedementos e os instrumentos de avaliación.
- Fixarase o modo en que se vai compartir a información sobre cada alumno ou alumna co resto de docentes que interveñen no seu itinerario de aprendizaxe; especialmente, co titor.
- Fomentarase o traballo en parellas ou en grupo.
- Favorecerase o traballo por proxectos .
- Valorarase a posibilidade de facer traballo na casa, que debe ter como obxectivo consolidar o traballado na aula.
- Incluiranse actividades deliberadamente máis sinxelas para que o alumnado cun menor nivel de competencia as realice con éxito e así aumente a súa confianza.
- Cando as medidas ordinarias se manifesten insuficientes, a docente presentará á Xunta de avaliación inicial ou ao Departamento de orientación -en calquera momento do curso- a proposta para iniciar algunha das medidas extraordinarias de atención á diversidade.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.2 - A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A educación cívica e o respecto ao Estado de Dereito.			X					
ET.4 - A igualdade efectiva entre mulleres e homes.	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc.	X							
ET.6 - A saúde e a calidade de vida.					X			
ET.7 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	X	X	X					
ET.8 - A educación viaria.						X		
ET.9 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural.	X			X				

	UD 9
ET.1 - A comprensión lectora e a expresión oral e escrita.	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e as tecnoloxías da información e a comunicación (TIC).	X
ET.3 - A educación cívica e o respecto ao Estado de Dereito.	
ET.4 - A igualdade efectiva entre mulleres e homes.	X
ET.5 - A prevención e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida así como de calquera forma de violencia: de xénero, contra persoas con discapacidade, racismo, xenofobia etc.	
ET.6 - A saúde e a calidade de vida.	

	UD 9
ET.7 - A discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.	
ET.8 - A educación viaria.	
ET.9 - A educación ambiental e o respecto polo medio natural.	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charla do/da autor/a dunha obra literaria	Asistencia a charlas cos autores/as dalgún dos libros de lectura propostos para cada curso.	X	X	X
Obradoiros	Obradoiros didácticos: banda deseñada, teatro, adiviñas, caligramas, fotografía e literatura.	X	X	X
Elaboración de materiais	Creación de escolmas, vídeos ou material audiovisual por parte do alumnado (poesía, narrativa...) que se poidan incluír na biblioteca do centro.			X
Exposicións, museos	Visitas a museos e/ou exposicións relacionadas coa materia dos diferentes grupos.			X
Conmemoracións	Realización de actividades conmemorativas de datas sinaladas no calendario escolar (Día da paz e da non violencia, Día da Muller) e outras de carácter tradicional (Samaín, Entroido, Letras Galegas).	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Analizo os recursos e selecciónoos en base á súa idoneidade.
Potencio estratexias de animación á lectura.
Defino os aspectos fundamentais dos traballos e a súa finalidade e como vai ser avaliado.
Coordínome co profesorado do departamento que imparte clases nos grupos anteriores ou posteriores ao meu.
Explicito que é o que se vai traballar e como; e os mínimos para acadar unha avaliación positiva.
Teño en conta a secuenciación de contidos.
Incorporo as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.

Metodoloxía empregada
Utilizo diversos instrumentos de avaliación: probas escritas, traballos individuais ou en grupo e probas orais.
Utilizo diversos instrumentos de rexistro: rexistros no caderno da profesora, escalas de estimación e probas (orais ou escritas).
Analizo e comento co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección dos exames, traballos, actividades...
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Actividades diversas, de longo percorrido, obrigan a pensar, permiten utilizar recursos diferentes, dan opción a sistematizar diversos traballos...
Distribúo o tempo das clases en función do tipo de traballo realizado.
Propoño actividades que favorecen a aprendizaxe autónoma (procura de información, traballos, investigacións).
O nivel de dificultade das actividades é axeitado.
Medidas de atención á diversidade
Adaptei a programación ás características e necesidades do alumnado.
Organizo axudas entre iguais no grupo en base aos diferentes perfís dos alumnos e alumnas, fortalencendo os grupos interactivos.
Avanzo respectando o ritmo de cadaquén. Parto da motivación de cada alumno ou alumna.
Elaboro actividades de diferente nivel nas unidades didácticas e nos exames.
Ofrezco a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Corrdínome co resto do equipo docente, especialmente co profesorado do ámbito lingüístico e informa as familias da evolución académica do alumnado.

Descrición:

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Avaliarase a programación didáctica no seu conxunto ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte tendo en conta os seguintes aspectos:

- Temporalización das unidades didácticas.
- Desenvolvemento dos obxectivos didácticos.
- Manexo dos contidos da unidade.
- Realización de tarefas.
- Estratexias metodolóxicas seleccionadas.
- Recursos.
- Claridade nos criterios de avaliación.
- Uso de diversas ferramentas de avaliación.
- Atención á diversidade.
- Interdisciplinabilidade.

Por outro lado, a práctica docente será avaliada cos seguintes rexistros:

- Rexistros de planificación.
 - Rexistro da motivación do alumnado.
 - Rexistros de desenvolvemento do ensino .
 - Rexistros de avaliación do proceso-aprendizaxe.
- Para a mellora da programación observaranse os seguintes aspectos:

DIVERSIDADE:

- A comunicación co profesorado do grupo do procedemento para tratar a diversidade.
- O impulso de estratexias como a lectura, a aprendizaxe por parellas, a aprendizaxe cooperativa etc.
- A atención ao alumnado con necesidades educativas especiais ou ao destacado.

PROGRAMACIÓN:

- Programáronse as unidades didácticas tendo en conta o contorno.
- Coordináronse as programacións dos distintos grupos.

ACTIVIDADES DE AULA:

- Diversificáronse as formas de traballar e as metodoloxías propostas.
- Utilizáronse as TIC.
- Fomentouse a lectura.
- Traballouse a expresión oral e escrita.

AVALIACIÓN

- Tense en conta o traballo global do alumnado.
- Avalíase tamén o traballo da profesora.
- Utilízanse diferentes tipos de probas.
- Prográmanse plans de recuperación.
- Consensúanse os criterios de cualificación no departamento.

9. Outros apartados